

Diego Robledo Sánchez

Investigador Oportunius na USC (Facultade de Bioloxía).

Diego Robledo é doutor en Xenética pola Universidad e de Santiago de Compostela (2016). En 2019, tras un breve período postdoutoral no Instituto Roslin (Universidade de Edimburgo), púxose á fronte do seu propio grupo de investigación nese mesmo centro, onde ten unha posición permanente como Senior Research Fellow.

A súa liña de investigación estuda a resistencia a enfermidades en especies de peixes de interese acuícola, utilizando técnicas que van desde a xenética cuantitativa á secuenciación de célula única ou a edición xenómica.

En 2022, recibiu unha ERC Starting Grant e, en 2023, o Dr. Robledo incorporouse como Investigador Distinguido do Programa Oportunius á Facultade de Bioloxía da Universidade de Santiago de Compostela. O seu proxecto ERC, **FishTRIM**, investiga as múltiples expansións da familia de proteínas TRIM observadas ao longo de toda a liñaxe dos peixes óseos. O proxecto avaliará a evolución e a función deste grupo de proteínas en varias especies de peixes distribuídas ao longo de toda a filoxenia, co obxectivo de entender a relevancia biolóxica das expansións.

Diego Robledo dirixiu e participou en múltiples proxectos internacionais, e foi work package leader dos proxectos europeos AQUA-FAANG e GRINNAQUA. É membro do comité científico do simposio Genomics in Aquaculture (GIA) e editor executivo da revista *Genomics*. Foi convidado a presentar o seu traballo en distintos congresos, tanto nacionais como internacionais, coma, por exemplo, a Transgenic Animal Research Conference (TARC, Lake Tahoe, US) ou o **XXIII** Seminario de Xenética de Poboacións e Evolución (2023, SGPE, Oviedo).